

**REVISIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O CURSO 2021/22 SEGUNDO A ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2022, POLA QUE SE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN NAS ENSINANZAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DE BACHARELATO.**

**3º ESO (CULTURA CLÁSICA)**

A avaliación segue a ser continua e non hai cambios no que respecta aos criterios de cualificación da programación xeral; polo tanto, a nota final será a media das tres avaliacións parciais. Promocionarán os alumnos/as que acaden unha nota igual ou superior a 5.

O alumnado que non supere a materia poderá recuperala mediante a realización das tarefas de reforzo e recuperación que se lle propoñan no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final.

O alumnado que supere a materia poderá subir ata 1 punto a súa nota final realizando correctamente as tarefas de reforzo e ampliación propostas no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final.

**4º ESO (LATÍN I)**

Non hai cambios polo que se refire ás probas teóricas e prácticas por avaliación, que seguen a ponderar o 50% da nota cada unha. A suma de cada parte é a nota da avaliación e a nota final será a media das 3 avaliacións parciais. Promocionarán os alumnos/as que acaden unha nota igual ou superior a 5.

O alumnado que non supere a materia poderá recuperala realizando as tarefas de reforzo e recuperación que se lle propoñan no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final. Serán actividades individualizadas, segundo o alumno/a necesite recuperar a parte práctica, a parte teórica ou ben as dúas.

O alumnado que supere a materia poderá subir ata 1 punto a súa nota final realizando correctamente as tarefas de reforzo e ampliación propostas no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final.

**BACHARELATO: SÓ HAI CAMBIOS EN LATÍN E GREGO I**

Nas dúas materias haberá dúas probas como mínimo por avaliación, unha teórica (pode cambiarse por un traballo) e unha práctica, que seguen a ponderar o 50% da nota cada unha. A nota media das tres probas teóricas sumarase á nota da práctica que resulte da ponderación seguinte: 20% para a 1ª avaliación, 30% para a 2ª avaliación e 50% para a 3ª avaliación. Isto é así porque a materia da parte práctica vai *in crescendo* tanto en contidos como en dificultade. Para aprobar é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5.

O alumnado que non supere a materia na 3ª avaliación poderá recuperala mediante unha proba teórica ou práctica, dependendo da parte suspensa. Se non supera a materia na avaliación ordinaria, poderá recuperala na avaliación extraordinaria. No período que abrangue desde a avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo realizaranse actividades de apoio e reforzo, que servirán de preparación para esa proba extraordinaria.

O alumnado que supere a materia realizará actividades de reforzo e ampliación durante o período que abrangue desde a avaliación final ordinaria ata o remate das clases.